

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE VERÍN PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTÓRICO E BARRIO DE SAN LÁZARO (PEPRICH)

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 66/2023, do 14 de xuño (DOG núm. 113 do 15 de xuño), no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Gerardo Seoane Fidalgo, alcalde-presidente do Concello de Verín, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I. O Concello de Verín dispoñía dun Plan xeral de ordenación municipal aprobado por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 7 de decembro de 2012 (DOG núm. 239, do 17 de decembro), declarado nulo pola Sentenza núm. 278/2017 do 17.02.2017 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Quinta do Tribunal Supremo (recurso de casación núm. 1125/2016).

En consecuencia, recobrou vixencia a normativa urbanística precedente, as Normas subsidiarias de planeamento, aprobadas o 28 de maio de 1986 (BOP do 5 de xuño).

II. Por outra banda, existe un Plan especial de protección do casco histórico, aprobado definitivamente o 27 de outubro de 2003 (DOG núm. 227 de 21 de novembro), redactado en base ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1998, anulado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no ano 2007.

III. O casco histórico de Verín, sufriu unha considerable degradación cultural, patrimonial, económica, medioambiental e física por diversas causas, entre as que se poden citar:



- Desde o punto de vista social: o desprazamento da centralidade urbana e o envellecemento da poboación, provocando unha escasa ocupación, un alto índice de marxinalidade social e unha falta de promoción da zona.
- Desde un punto de vista físico e patrimonial: a falta de condicións de habitabilidade e de dotacións e equipamentos con patrimonio en proceso de deterioro e evidentes deficiencias en infraestruturas urbanas.
- Desde o punto de vista socioeconómico e cultural: desemprego, comercio local inadaptado e as rúas tradicionais sen actividade comercial.
- Desde o punto de vista medioambiental: espazos urbanos degradados e problemas de accesibilidade e mobilidade.

IV. O centro histórico, orixe e epicentro da vila, contén as sinais de identidade e marca a evolución da vila ao longo do tempo.

A conservación e revitalización do patrimonio debe estar profundamente conectada cunha acción de rehabilitación que comprenda non só os medios e procedementos arquitectónicos e técnicos, senón tamén a creación de servizos sociais e culturais adecuados, de modo que se chegue a garantir un equilibrio entre a parte antiga e a moderna.

V. O Concello de Verín, no seu plan especial do desenvolvemento do conxunto histórico, pon especial atención á súa estratexia de cooperación coa cidade fronteiriza de Chaves (Portugal). Entre ambas cidades forman unha Eurocidade con personalidade xurídica propia, que ten entre os seus obxectivos a harmonización e a compatibilidade de instrumentos de xestión do territorio (plans de ordenación urbanística, normativas e plans específicos, desenvolvemento do termalismo e do auguismo, imaxe de marca territorial en torno á auga, á saúde e ao benestar) fomentando un equilibrio territorial e reducindo o risco de usos distintos ou planificacións asimétricas que dificulten a ordenación daquela como único territorio.

Dentro desta estratexia transfronteiriza que diferencia a Verín do resto de concellos é importante subliñar a necesidade de impulsar actuacións e medidas que garantan:

- Un desenvolvemento especial do plan do conxunto histórico de Verín que valorice este ámbito, que se atopa nunha situación de desequilibrio con respecto ao centro urbano de Chaves. Para o desenvolvemento da Eurocidade Chaves-Verín é de vital necesidade a consecución de intervencións capaces de potenciar o valor patrimonial, histórico e cultural que conformen unha identidade común e complementaria nos dous polos da mesma.
- A concentración de recursos termais e de augas mineromedicinais que constitúe o elemento fundamental de conformación histórica da súa identidade (cultural) e de identificación (imaxe proxectada ao exterior). Verín conta coa maior superficie de auga mineromedicinal da Península Ibérica.



- A actividade económica en torno ao termalismo de saúde-auguismo (cura por inxesta de augas mineromedicinais) e de augas embotelladas (mananciais de Sousas, Fontenova e Cabreiroa). A planificación urbanística en torno ao termalismo e á auga son fundamentais na estratexia do desenvolvemento sostible de Verín en consonancia coa cidade termal de Chaves.
- A potenciación de proxectos en infraestruturas innovadoras relacionados co termalismo que Verín leva planificando nos últimos anos: o Hotel Termal Escola de Cabreiroa e o Balneario de Caldeliñas.
- A designación de Verín como Vila Termal Española (membro da Asociación Nacional de Vilas Termas da FEMP) implica unha especial atención na súa protección e desenvolvemento do centro histórico por detentar unha compoñente de diferenciación de extraordinario valor.
- O desenvolvemento da ecovía do río Támega (senda ciclable e peonil que comunicará os centros históricos de ambas cidades) é un recurso de gran atracción de visitantes que require dun desenvolvemento complementario do centro histórico de Verín acorde á concreción dun destino termal e do auga de excelencia.
- Un impulso ao comercio, á restauración e á hostalaría no centro histórico de Verín que permita constituír a base dunha maior oferta de calidade que sexa acorde cun destino de excelencia e transfronterizo (promoción da marca visit Chaves-Verín).

Convén destacar, así mesmo, o paso do Camiño de Santiago polo concello (Vía da Prata), onde o albergue de peregrinos e a oficina de turismo se sitúa na denominada Casa do asistente en pleno casco histórico da vila.

VI. De todo exposto se colixe a necesidade de redactar un plan cuxo principal obxectivo sexa protexer, rehabilitar, conservar e poñer en valor o conxunto histórico de Verín, formado polo centro antigo e o barrio de San Lázaro.

VII. O 06.05.2015 asinouse un Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Verín para a redacción do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico e Barrio de San Lázaro (en diante PEPRICH), modificado polas addendas núm. 1, 2, 3, 4, 5 e 6 do 07.11.2016, 29.06.2018, 15.10.2019, 16.12.2020, 09.06.2021 e 15.06.2022, respectivamente.

VIII. A Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asumiu o compromiso de contribuír ao financiamento da redacción do plan cunha achega de cento dez mil trescentos trinta e oito euros con vinte céntimos 110.338,20 €, equivalente ao 90% do custo total estimado.

O 29.11.2016 mediante resolución da alcaldía, adxudicouse o contrato por un importe de 93.775,00 €. A baixa resultante da adxudicación do contrato aplicouse na



proporcionalidade das achegas de cada unha das administracións que interveñen dos que a consellería asume o 90 %, é dicir 84.397,50 €. Logo da presentación da documentación xustificativa da sinatura do contrato de servizo de redacción do plan polo concello, a consellería procedeu ao aboamento de 16.879,50 €, polo que resta o pagamento de 67.518,00€, correspondentes ás fases pendentes de aprobación.

XI. As sucesivas reformas legais do procedemento de tramitación e aprobación dos instrumentos de planeamento posteriores á sinatura do convenio (Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia), imposibilitaron o cumprimento dos compromisos asumidos polo concello coa consellería nas datas previstas.

X. O 28 de novembro de 2022, mediante escrito da alcaldía dirixido á Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, solicitou unha prórroga das anualidades do convenio, posto que logo de obter o informe de avaliación ambiental estratéxica, o expediente pasaba á fase de aprobación inicial.

XI. A cláusula sétima do convenio, modificada pola addenda núm. 6, establece que *"O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 5 de maio de 2023, sen que exista posibilidade de prórroga, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015"*.

O Concello de Verín non cumprimentou os trámites establecidos no artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para proceder á aprobación definitiva do PEPRICH, polo que ante a imposibilidade de prorrogar a vixencia do convenio asinado, consonte o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, por exceder do prazo máximo legal permitido, a CMATV e o concello acordan asinar un novo convenio de colaboración para darlle continuidade aos traballos de redacción do plan, como reflicte a acta da Comisión de Seguimento do convenio asinada o 21.03.2023.

Acredítase deste xeito que se trata dunha circunstancia singular e sobrevida, que xustifica a tramitación deste convenio, para que o concello afectado poida contar cun instrumento de planeamento adaptado á normativa vixente.

XII. A finalidade da colaboración constitúe, deste xeito, unha razón de interese público que lle confire un carácter excepcional á axuda, obxecto do convenio. En consecuencia, consonte co artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública. Isto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.

XIII. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio



Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 79 do 25 de abril), polo que se establece a súa estrutura orgánica, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

Tamén asume unha labor de fomento para que os concellos teñan os documentos de planeamento municipal adaptados a lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico. Neste sentido, cabe salientar as ordes de axudas e convenios de colaboración coas entidades locais para formulación do planeamento urbanístico.

XIV. O Concello de Verín ten atribuída a competencia para formular, tramitar e impulsar o seu PEPRICH, en virtude da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

XV. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda considera axeitado colaborar na redacción do PEPRICH do Concello de Verín e para iso contribuirá cunha achega económica de sesenta e sete mil cincocentos dezaioito euros (67.518,00 €), equivalente ao 90% do custo das fases pendentes de redacción do PEPRICH.

A dita achega, ten que realizarse a través do Concello de Verín, xa que esta institución é a mais axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos. Por outra banda, nos orzamentos existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da actuación.

XVI. O proceso de formulación do PEPRICH debe realizarse coordinadamente entre ambas as dúas Administracións asinantes, a través da colaboración na elaboración do instrumento de planeamento e da coordinación no exercicio das súas competencias respectivas, considerando as singulares circunstancias que, por motivos legais, concorren na redacción e tramitación do documento, ao tratarse dun procedemento especialmente complexo.

Polo exposto, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no exercicio das súas competencias, e o Concello de Verín, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar



unha colaboración, para abordar a elaboración do PEPRICH, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Verín para a redacción do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico e Barrio de San Lázaro (PEPRICH).

SEGUNDA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asume os seguintes compromisos:

1.- Contribuír ao financiamento das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega como máximo de sesenta e sete mil cincocentos dezaioito euros (67.518,00 €), equivalente ao 90% do custo das fases pendentes de redacción do PEPRICH, con cargo a aplicación orzamentaria 08.04.521A.760.0, código de proxecto 2015 00253, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidade de 2023	25.319,25 €
Anualidade de 2024	25.319,25 €
Anualidade de 2025	16.879,50 €

Os aboamentos da achega efectuaranse do seguinte xeito:

1. 25.319,25 euros logo da aprobación inicial por parte do concello.
2. 25.319,25 euros, logo da emisión do informe previo a aprobación definitiva por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
3. 16.879,50 euros, unha vez aprobado definitivamente o PEPRICH.

O cumprimento das fases anteriormente indicadas, acreditarase conforme ao establecido no apartado seis da cláusula terceira.

Esta achega, de acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste



convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.

2.- A consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da redacción do PEPRICH, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións de execucións dos traballos, segundo as fases establecidas no prego de cláusulas administrativas polo que se rexa o correspondente contrato de servizos para a redacción do PEPRICH subscrito polo Concello de Verín. Os aboamentos parciais que se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.

3.- A consellería resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento, durante a súa execución.

4.- Nomear, se fora o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento das actuacións establecidas neste convenio para a eficaz culminación da finalidade do mesmo.

5.- Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao Concello de Verín, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a redacción do instrumento de planeamento obxecto do presente convenio. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Verín asume as seguintes obrigas:

1.- Efectuar a aprobación inicial e definitiva do documento do PEPRICH e realizar posteriormente, a súa entrega na Dirección Xeral de Ordenación Territorio e Urbanismo.

2.- De ser o caso, unha vez aprobado definitivamente o PEPRICH, entregárase na Dirección Xeral de Ordenación Territorio e Urbanismo o texto do documento refundido debidamente cotexado.

3.- Facilitarlle o acceso a todo tipo de información, que teña relación co obxecto do presente acordo, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

4.- Contribuír o financiamento custo total pendente de executar, é dicir, sete mil cincocentos dous euros (7.502,00 €), correspondentes ao 10% do total, ata completar, xunto coa achega da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o custo do contrato. O libramento efectuarao o concello,



xunto ou con carácter previo ao correspondente á consellería, en cada fase cumprida, segundo o establecido no apartado 1 da cláusula segunda, dentro das seguintes anualidades programadas:

Anualidade de 2023	2.813,25 €
Anualidade de 2024	2.813,25 €
Anualidade de 2025	1.875,50 €

Así mesmo, o Concello de Verín asume a obriga de financiar a súa conta exclusiva, se fora o caso, os posibles modificados do contrato, contratos complementarios, liquidacións e/ou revisións de prezos que se puideran producir.

Logo da adxudicación dos contratos que se celebren, para a execución das actuacións necesarias para a o cumprimento do obxecto do presente convenio, as baixas que, de ser o caso, resulten aplicaranse na proporcionalidade das achegas de cada unha das administracións que interveñen, dentro do límite orzamentario establecido na cláusula primeira.

5.- Para os efectos do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a publicación do anuncio da aprobación definitiva do plan no DOG será requisito suficiente como xustificación plena da execución dos traballos obxecto da axuda.

6.- Presentar obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a correspondente rendición dunha conta xustificativa integrada pola documentación que se indica de seguido e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención, segundo o disposto no artigo 8 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. A estes efectos, indica o artigo 3 do citado decreto, que con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente do concello. Así mesmo, a entidade local beneficiaria deberá acreditar, dentro do prazo dun (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron os servizos obxecto do presente acordo.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal competente; e declaración, de ser o caso, sobre a obtención doutras subvencións ou ingresos que



financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto establécese no día 15 de decembro de cada unha das anualidades establecidas no presente convenio. Non obstante, a documentación xustificativa da aprobación definitiva do plan deberá presentarse un mes antes da finalización da vixencia do presente convenio.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>). Estes formularios só terán validez se están debidamente asinados polo representante legal da entidade correspondente ou persoa debidamente acreditada.

7.- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

8.- Comunicarlle a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

9.- Reintegrarlle á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida neste convenio, e os xuros de demora que no seu caso correspondan dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

10.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

11.- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007 e no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

12.- O Concello de Verín presta expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente convenio a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos



registros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os registros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG núm. 153 do 9 de agosto). Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

13.- Nomear, se fose o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento e seguimento das actuacións establecidas neste convenio mailo seguimento dos prazos estipulados no correspondente contrato de execución.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo financiará as actuacións ata un máximo de sesenta e sete mil cincocentos dezoito euros (67.518,00 €), equivalente ao 90% do custo das fases pendentes de redacción do PEPRICH, que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao Concello de Verín, contra a presentación por este das certificacións dos traballos executados, segundo as fases previstas no convenio. Non obstante, poderán efectuarse aboamentos parciais ata o 80% da porcentaxe subvencionada, logo da presentación das correspondentes xustificacións e o cumprimento dos requisitos definidos nos puntos (i) e (ii) do apartado 6 da cláusula terceira.

Unha vez rematados os traballos obxecto do acordo, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

Así mesmo, deberá presentarse un certificado expedido pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa relativo a aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, segundo o previsto no artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

De conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, se a actividade se financiara ademais de coa presente subvención con fondos propios, ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.



A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo limitará, en todo caso, a súa achega económica aos límites pactados no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir.

QUINTA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións establecidas no presente convenio crease unha comisión, que propoñerá ás partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente documento. Pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda formarán parte da mesma, as persoas que ocupen a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a Subdirección Xeral de Urbanismo. Polo Concello de Verín a comisión integrará a persoa que ocupe a alcaldía ou persoa en quen delegue, e o concelleiro/a responsable da área de urbanismo.

SÉTIMA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión de subvencións que as entidades locais cumprisen o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.



OITAVA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste acordo as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do acordo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula sexta, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá conlevar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do acordo.



Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control deste acordo, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do acordo, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula segunda do convenio nin o incremento do número de anualidades orzamentarias, consonte o disposto no artigo 46. Dous da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente durante tres anos. Porén, as obrigas económicas derivadas do convenio se circunscriben ás anualidades 2023-2025, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de tres anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA, LEXISLACIÓN APLICABLE, INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTO

1. Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, correspondéndolle en último término a resolución das cuestións que poidan xurdir sobre a súa interpretación, execución e cumprimento á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.
2. Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
3. O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas



as partes ao acordado en todas as estipulacións.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente convenio na data sinalada.

Pola Xunta de Galicia,
A vicepresidenta segunda e conselleira de
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Polo Concello de Verín,
O alcalde-presidente

Ángeles Vázquez Mejuto

Gerardo Seoane Fidalgo

